

CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2025-2026

(aprobado no Consello de Goberno do 12 de marzo do 2025)

1. O curso académico comprenderá do **1 de setembro de 2025** ao **31 de agosto de 2026**.
2. O calendario de actividades académicas é o marco temporal no que se desenvolve a planificación do conxunto das diversas actividades formativas, incluíndo as correspondentes probas de avaliación, nas titulacións que se imparten na Universidade.
3. Seguindo o disposto polo RD 1125/2003, cada crédito ECTS supón 25 horas de traballo para un estudante dedicado a cursar a tempo completo estudos universitarios, durante un mínimo de 36 e un máximo de 40 semanas por curso académico.
4. Consonte ao exposto, no curso 2025/2026 as semanas de actividade académica docente na Universidade de Vigo quedarán distribuídas en dous períodos equivalentes, do xeito indicado no cadro seguinte, e das que unha sexta parte reservárase para celebración das probas de avaliación final (situadas entre a data límite de entrega de actas do período correspondente e a do inmediato anterior) dedicándose o resto á actividade lectiva.

PERÍODO	Inicio do período	Remate do período
Primeiro	Luns, 8 de setembro de 2025	Venres, 23 de xaneiro de 2026
Segundo	Martes, 27 de xaneiro de 2026	Venres, 5 de xuño de 2026

5. Excepcionalmente, nas titulacións de Máster, previo acordo da respectiva comisión académica que deberá comunicarse á Secretaría Xeral, poderá adiarse o inicio da actividade académica docente lectiva, **sempre que se respecte o disposto no punto terceiro de presente calendario, sen prexuízo do indicado no punto sétimo e sen que as datas de apertura e de entrega de actas podan verse modificadas por este motivo.**

Aos programas de doutoramento non se lles aplica o presente calendario e estarase ao establecido na súa propia convocatoria de matrícula.

6. No mes de agosto non haberá actividade académica, que así mesmo quedará en suspenso nas seguintes datas, excluídas do cómputo sinalado no punto terceiro:
 - Dende o sábado, día 20 de decembro de 2025, ata o mércores, día 7 de xaneiro de 2026 (ambos os dous incluídos).
 - Dende o luns, día 30 de marzo ata o venres, 3 de abril de 2026 (ambos os dous incluídos).
7. O período comprendido entre os días 1 e 7 de setembro de 2025 (ambos os dous inclusive) non computará para os efectos do disposto no punto terceiro, sen prexuízo de poder desenvolver no mesmo actividades académicas non lectivas.

O mesmo sucederá co período comprendido entre o luns, día 8 de xuño, e o venres, día 31 de xullo de 2026 (ambos os dous inclusive). No caso dos másteres que comezaran máis aló do luns, día 15 de setembro de 2025, poderase contar o dito período, en proporción ao retraso acumulado ao comezo, para os efectos de completar o cómputo establecido no punto terceiro.

8. Terá carácter festivo o luns, día 26 de xaneiro de 2026, posuíndo o mesmo carácter que os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e os días das festas locais de cada Campus.

A docencia interromperase o luns, día 16, e martes, día 17 de febreiro 2026 (Entroido).

En cada centro tamén terá carácter festivo, a data que corresponda a celebración da súa festa propia, pasando a luns ou venres as que non coincidan neses dous días da semana, previa decisión da Xunta do Centro concernido.

Relación de festas propias dos centros da Universidade de Vigo	
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	23/09/2025, martes
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	29/09/2025, luns
Escola de Enxeñaría Forestal	04/10/2025, sábado
Facultades de Bioloxía, Ciencias do Mar, Química e Ciencias	15/11/2025, sábado
Escola Universitaria de Maxisterio “María Sedes Sapientiae”	27/11/2025, xoves
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	04/12/2025, xoves
Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Dereito)	07/01/2026, mércores
Facultade de Relacións Internacionais	04/02/2026, sábado
Escola Superior de Enxeñaría Informática	25/02/2026, mércores
Escola de Enxeñaría Industrial	20/03/2026, venres
Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias Empresariais e Turismo e Comercio	05/04/2026, domingo
Facultade de Fisioterapia	10/04/2026, venres
Facultades de Historia, Filoloxía e Tradución, Ciencias de Educación e Ciencias da Educación e do Deporte	26/04/2026, domingo
Facultade de Deseño	27/04/2026, luns
Facultades da Comunicación e Dirección e Xestión Pública	29/04/2026, mércores
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Relacións Laborais)	01/05/2026, venres
Facultade de Belas Artes	07/05/2026, xoves
Escolas de Enfermaría	12/05/2026, martes

9. Os períodos de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa respectiva entrega serán os seguintes**:

Período/Convocatoria	Inicio período de rexistro	Remate período de rexistro
Primeiro	GRAO: Venres 5 de decembro de 2025	Venres, 13 de febreiro de 2026
	MASTER: Xoves, 11 de decembro de 2025	
Segundo	Martes, 7 de abril de 2026	Venres, 26 de xuño de 2026
2ª Oportunidade	Mércores, 1 de xullo de 2026	Luns, 20 de xullo 2026
Fin de Carreira	Luns, 15 de setembro de 2025	Venres, 07 de novembro de 2025

10. No caso dos TRABALLOS DE FIN DE GRAO e MÁSTER, as datas límite para entrega de actas serán**:

Primeiro período	Venres, 27 de febreiro de 2026
Segundo período	Venres, 3 de xullo de 2026
Segunda oportunidade	Luns, 07 de setembro de 2026
Fin de carreira	Venres, 21 de novembro de 2025

11. Excepcionalmente, nos centros que, xustificadamente, desenvolvan prácticas externas curriculares no mes de agosto, previa comunicación ao Servizo de Estudos de Grao ou de Posgrao, segundo corresponda, a data límite de entrega de actas na segunda oportunidade poderá estenderse como máximo ata o 04 de setembro de 2026.
12. Nas guías docentes deberá figurar a metodoloxía e o procedemento detallado para a avaliación das materias, segundo o establecido no [Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade e do proceso de aprendizaxe do estudantado](#).
- Á hora de programar as súas probas de avaliación, os centros deberán ter en conta as necesidades de aulas que poidan ser requiridas para a celebración das probas da PAU.
13. As probas de avaliación da convocatoria de “fin de carreira” poderán celebrarse dende o luns, día 15 de setembro de 2025, debéndose acordar as datas concretas polos respectivos centros, respectando, en todo caso, o período de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa entrega establecidas no apartado 9, sen posibilidade de suspender as actividades lectivas por esta razón. Por circunstancias excepcionais, se poderán celebrar as ditas probas dende o luns 1 de setembro de 2025, remitindo a petición motivada á Secretaría Xeral.

** As datas de remate para entrega de actas poden ser adiantadas (nunca adiadas) polos centros, previo acordo da Xunta de centro ou comisión delegada competente, sen que tal decisión supoña cambios nas datas de inicio para a súa apertura.